



RESOLUCIÓN

Expediente 2025/E001/000005. Proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 1 xardineiro/a (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil)

Aprobar a lista das persoas candidatas admitidas e excluídas preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, datas das probas e nomeamento da comisión seleccionadora.

Código de procedemento	TR350E
------------------------	--------

Expediente relacionado: 2025/A008/000033

ANTECEDENTES:

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunica con data 29.10.2025 a Resolución de concesión de subvención destinada á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, expedienteTR350E-2025-00000077-00, para o desenvolvemento do programa, tal e como segue:

NÚM. TRAB. OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	CNO	DURACIÓN DO CONTRATO (MESES)	XORNADA LABORAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	7	6120	9	100%	16.380,09 €

O importe de 16.380,09 € está destinado ós custos salariais totais das contratacións. Os contratos de traballo subscritos coas persoas traballadoras seleccionadas deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación Contrat@ marcando a opción específica “interese social corporacións locais” e asignarase o código 406: contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos.

04.11.2025. Solicitud de prórroga de prazo de inicio da contratación.

Resolución de alcaldía núm. 601/2025 do 5 de novembro de 2025. Aprobación da bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación dun/dunha (1) xardineiro/a (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).



Anuncio BOP núm. 213 do 6 de novembro de 2025. Anuncio Convocatoria de selección provisión en réxime laboral temporal da contratación de 1 xardineiro/a (Sistema Nacional de Garantía Xuvenil).

Con data do 10 de novembro de 2025 o Concello presenta oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte.

Con data do 11 de novembro de 2025, ás 17:28 horas, a Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, remite por correo electrónico listado de candidatos preseleccionados para a selección.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Galicia, número de oferta 12/2025/10776, son as que seguen:

APELIDOS E NOME
Xoel Taibo Costa
David Aldrey Collazo

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte da instrucións que o concello de Boqueixón contacte a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos currículos vitae das persoas candidatas remitidas por correo electrónico para convocalas ó proceso, e que o concello verifique que as persoas candidatas reúnen os requisitos da convocatoria.

Tal e como se indica nas bases da convocatoria publicada, as persoas candidatas admitidas no proceso, presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior á da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente a persoa candidata non poderá ser baremada. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

MARCO XURÍDICO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, aprobada no pleno ordinario do concello de Boqueixón que tivo lugar o 19 de xullo do 2017 (BOP nº 180 do 21 de



setembro de 2017).

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL)

[21.1.g)] *O alcalde (...) ostenta as seguintes atribucións:*

(...) aprobar as bases das probas para a selección do persoal (...)

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)

Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público;

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP)

Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG)

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (ET)

CUESTIÓNS

PRIMEIRA. Obxectivo. Convocar ás persoas aspirantes, nomear comisión seleccionadora e fixar datas proceso selectivo.

SEGUNDA. O contrato debe iniciarse no prazo máximo de 30 de novembro de 2025, salvo que publique Resolución da Xunta de Galicia pola que amplie o prazo de inicio de contratación. O contrato terá unha duración máxima de 9 meses.

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a lista de persoas candidatas admitidas e excluídas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte (oferta núm. 12-2025-10776):

Persoas candidatas admitidas
APELIDOS E NOME
Xoel Taibo Costa
David Aldrey Collazo

SEGUNDO. Convocar as persoas candidatas admitidas preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte e á comisión seleccionadora para a realización das probas, nas datas, hora e lugar que se indican:



Para a realización da proba práctica:

- Data: 18 de novembro de 2025.
- Hora: citarase a cada persoa candidata cada cuarto de hora para a realización da fase de proba/s práctica/s.
- Lugar: Base de protección civil de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 15, 15881 Boqueixón (A Coruña).

Persoas candidatas admitidas	
APELIDOS E NOME	HORA
Xoel Taibo Costa	09:30
David Aldrey Collazo	09:45

Convocar ás persoas candidatas admitidas, a través de correo electrónico ou teléfono que constan nos currículos vitae enviados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte. No caso de chamar por teléfono realizarase ata un máximo de 3 chamadas para convocar ás persoas candidatas. Ás persoas candidatas informaráselles sobre as bases de contratación, datas das probas e presentación de documentación para acreditar os méritos.

- Para a presentación de documentación acreditativa dos méritos:

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non será baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

- A Valoración de méritos a realizar pola comisión seleccionadora:

- Data: 18 de novembro de 2025.
- Hora: 10:05 h.
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 18, 15881 Boqueixón (A Coruña).

TERCEIRO. Nomear como membros da Comisión de selección:

PRESIDENTE: Dalmiro Núñez Méndez. Secretario-Interventor do Concello de Boqueixón; suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18
15881 Boqueixón (A Coruña)
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052
sede.boqueixon.com
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

SECRETARIA: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 1: Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; suplente: María Pereira Lareo, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón.

VOGAL 2: Maria Cruz Ferreiro Sanín, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 3: Carlos Uzal Díaz, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Juan Manuel Freiría Brea, funcionario do Concello de Boqueixón.

CUARTO. Publicar a lista de persoas admitidas e excluídas, datas do proceso e composición da Comisión de selección, no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

QUINTO. Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Boqueixón e ó coordinador de obras e servizos, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor